



CONCELLO DE ARANGA

ANUNCIO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.-

Por non presentarse reclamacións durante o período de información pública, elévase a definitivo o acordo municipal do día 31 de outubro de 2024, aprobando a modificación da imposición da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, que comenará a súa aplicación o un de xaneiro de 2025, quedando, a partir desta data, derogada expresamente a ordenanza en vigor.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da Ordenanza:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1º.-

De conformidade co previsto nos artigos 88 e 89 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o coeficiente e a escala de índices do Imposto sobre Actividades Económicas aplicables neste municipio quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 2º.-

Para todas as actividades exercidas no termo municipal as cotas mínimas das tarifas do imposto sobre actividades económicas serán incrementadas mediante a aplicación sobre elas do coeficiente único de 1.

Artigo 3º.-

Para os efectos que se prevén para a aplicación da escala de índices do artigo seguinte, as vías públicas clasifícanse en dúas categorías fiscais que son as seguintes:

- 1ª categoría fiscal: vías públicas comprendidas dentro dos núcleos urbanos de poboación.
- 2ª categoría fiscal: as restantes vías públicas.

Artigo 4º.-

Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente que se sinala no artigo 2º desta Ordenanza Fiscal, tal e como perceptúa o artigo 89 da citada Lei, e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade económica, establécese a seguinte escala de índices:

	CATEGORÍA FISCAL DA VÍA PÚBLICA	
	1ª	2ª
Índice aplicable	1,1	1

Artigo 5º.-

Gozarán dunha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente , para os suxeitos pasivos que tributen por cuota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase,durante tres anos, do seguinte xeito:

- Un 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Un 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Un 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado debendo ser presentada polo suxeito pasivo,e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da solicitude e terá unha duración de tres anos, sempre que se manteña o emprego creado.

A solicitude acompañarásese da seguinte documentación:

- Acreditación do título dos locais, edificacións, construcións e instalacións utilizados para calquera das actividades empresariais ou profesionais obxecto de bonificación
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa seguridade social.
- Acreditación das novas contratacións realizadas (altas na seguridade social e contratos de traballo).

Calquera modificación destes requisitos esixidos para a aplicación da bonificación, deberán ser comunicado polo obrigado tributario, poidendo o concello realizar de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos.”

Artigo 6º.-

No non expresamente previsto na presente Ordenanza rexerán os preceptos contidos na subsección 3ª da sección 3ª, do capítulo II, do título II da citada Lei 39/1988, concordantes e complementarios desta, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata que se

acorde a súa modificación ou derogación.O día da súa entrada en vigor, quedará derogada a anterior Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Aranga, na data da sinatura.

O alcalde : Asdo.Alberto Platas Álvarez.

CIF. P1500300G

Praza Mestre Mosquera n.º 1 15317 ARANGA (A Coruña)
Teléfono 981 793 551 Fax 981 793 581 correo@aranga.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)